

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE NON CAUSAR PREXUÍZO SIGNIFICATIVO AO MEDIO AMBIENTE (PRINCIPIO “DO NO SIGNIFICANT HARM” - DNSH)**
**ED431G AXUDAS PARA A ACREDITACIÓN, ESTRUTURACIÓN E MELLORA DE CENTROS DE INVESTIGACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA.**
**DATOS DA ENTIDADE DECLARANTE:**

UNIVERSIDADE

NIF


**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF





EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

Que no marco da ORDE pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, da acreditación da excelencia (científica, técnica ou artística) e das axudas para a estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, susceptibles de ser cofinanciadas no marco do Programa de Galicia Feder 2021-2027, e se convoca para o exercicio 2023 (código de procedemento ED431G). Encadrada no:

**Obxectivo político:** 1. Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade TIC rexional.

**Obxectivo específico:** 1.1. O desenvolvemento e a mellora das capacidades de investigación e innovación e a implantación de tecnoloxías avanzadas.

**Liña de actuación:** O 1.1.06. Apoio a Centros de Investigación Excelente (CIE) do Sistema Universitario de Galicia (SUG)

**Ámbito de intervención:** TI0012. Actividades de investigación e innovación en centros públicos de investigación, na ensinanza superior e nos centros de competencias, incluída a creación de redes (investigación industrial, desenvolvemento experimental, estudos de viabilidade).

E co obxecto de garantir o cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente (principio “do no significant harm” - DNSH), cumprirá as seguintes condicións:

- a) As actividades obxecto de subvención non ocasionarán un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088:
- Mitigación do cambio climático.
  - Adaptación ao cambio climático.
  - Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños.
  - Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.
  - Prevención e control da contaminación á atmosfera, a auga ou o chan.
  - Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.
- b) As actividades obxecto de subvención cumprarán a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.
- c) As actividades que se desenvolverán non causan efectos directos sobre o ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.
- d) Cumprirá todo o indicado nas bases reguladoras da convocatoria da subvención relativo á aplicación do principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente.

As entidades interesadas achegarán coa solicitude este anexo segundo o establecido no artigo 8. No caso dos Centros Interuniversitarios deberá entregarse un anexo por cada unha das entidades integrantes do centro.

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias e a Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europa na súa condición de organismo intermedios dos programas operativos en virtude das funcións atribuídas pola autoridade de xestión dos programas operativos segundo o disposto nos artigos 125, punto 2, artigo 140, puntos 3 a 5, e anexo XIII, punto 3, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de



Cofinanciado por  
la Unión Europea



Fondos Europeos